

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Bases do Servizo Municipal de Conciliación "Arzúa + Concilia" - verán 2026

ANUNCIO

Por Decreto da Alcaldía n.º 296/2026, de data 28 de abril de 2026, aprobáronse as seguintes bases:

BASES DO SERVIZO MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

"ARZÚA + CONCILIA" – VERÁN 2026

O Servizo Municipal de Conciliación "ARZÚA + CONCILIA" supón unha alternativa de lecer para nenas e nenos nados entre **2014 e 2022** cunha dobre finalidade: permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias e ofertar un espazo lúdico e de aprendizaxe para nenas e nenos.

Os obxectivos xerais do servizo de conciliación son:

- Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- Facilitar alternativas educativas de ocio e tempo libre durante o período de vacacións para menores con idade entre 3 e 12 anos.
- Contribuír á diminución das desigualdades sociais e favorecer a integración dos e das menores, nun ambiente normalizado de convivencia con outros nenos e nenas.
- Fomentar valores positivos e educativos para un desenvolvemento adecuado socialmente.
- Promover un correcto desenvolvemento motriz, creativo, participativo, emocional e persoal

1. OBXECTO:

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección das persoas participantes no Servizo Municipal de Conciliación "ARZÚA + CONCILIA" durante o verán de 2026.

2. PERSOAS DESTINATARIAS:

A poboación destinataria do Servizo Municipal de Conciliación "ARZÚA + CONCILIA" son as nenas e os nenos escolarizados, nados entre 2014 e 2022, ambos inclusive.

3. LUGAR, PERÍODO DE REALIZACIÓN, PRAZAS OFERTADAS E HORARIO:

O Servizo Municipal de Conciliación "ARZÚA + CONCILIA" desenvolverase no CEIP de Arzúa desde o 22 de xuño ao 4 de setembro (11 semanas), e distribuirase en once quendas.

- A. Primeira quenda | do 22 ao 26 de xuño | 60 prazas.
- B. Segunda quenda | do 29 de xuño ao 3 de xullo | 110 prazas.
- C. Terceira quenda | do 6 ao 10 de xullo | 110 prazas.
- D. Cuarta quenda | do 13 ao 17 de xullo | 100 prazas.
- E. Quinta quenda | do 20 ao 24 de xullo | 100 prazas.
- F. Sexta quenda | do 27 de xullo ao 31 de xullo | 85 prazas.
- G. Sétima quenda | do 3 ao 7 de agosto | 75 prazas.
- H. Oitava quenda | do 10 ao 14 de agosto | 50 prazas.
- I. Novena quenda | do 17 ao 21 de agosto | 50 prazas.
- J. Décima quenda | do 24 ao 28 de agosto | 50 prazas.
- K. Undécima quenda | do 31 de agosto ao 4 de setembro | 50 prazas.

Os días festivos non haberá servizo e haberá que ter un grupo mínimo de 15 nenas e nenos en cada quenda para que o grupo se realice.

O horario ordinario do Servizo Municipal de Conciliación será de mañá, de 10:00 a 14:00 horas, cun horario extraordinario de entrada entre as 8:00 e as 10:00 e un horario extraordinario de saída entre as 14:00 e as 15:00.

5. CUSTO E BONIFICACIÓNS:

O prezo de cada quenda é de 10 euros máis IVE, coas seguintes bonificacións:

- a) Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das familias numerosas.
- b) Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das familias monoparentais.
- c) Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das familias encabezadas por unha muller vítima de violencia de xénero.
- d) Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das familias con outras cargas relacionadas cos coidados.
- e) Establécese un cupo de exención para 4 crianzas participantes no programa, logo do informe favorable da educadora familiar do Concello.

As bonificacións non son acumulables. Cando para un mesmo exercicio e suxeito pasivo concorran os requisitos para o seu desfrute aplicárase a bonificación de maior contía.

Para que sexa aplicable algunha destas bonificacións haberá que presentar a documentación acreditativa de ditas situacións.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN:

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas nos grupos estes serán os criterios de adscrición de praza.

1. O criterio técnico das profesionais do CIM, en situacións especiais.
2. Que a nena ou o neno estea empadroado en Arzúa e súa familia se atope nalgún dos seguintes supostos: familias numerosas, familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, persoas con discapacidade¹, persoas en risco de exclusión social ou unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.
3. Que a nena ou o neno estea empadroado en Arzúa, e ambos proxenitores ou a familia monoparental traballen no período no que se inscribe.
4. Que a nena ou o neno curse estudos nun centro educativo de Arzúa, e ambos proxenitores ou a familia monoparental traballen no período no que se inscribe.
5. O resto de solicitudes.

Dentro de cada grupo que corresponda a un criterio determinado realizárase o listado en función do nivel de ingresos anuais per cápita da unidade familiar, ordeado de menor a maior.

¹No caso de nenas ou nenos con discapacidade, é imprescindible que a discapacidade permita integrarse no grupo de traballo.

7. CONSIDERACIÓN DE UNIDADE FAMILIAR

Considéranse membros da unidade familiar os que figuren empadroados no mesmo domicilio que a nena ou o neno e garden con el/a as seguintes relacións de parentesco:

- Pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do ou da menor.
- Irmáns ou irmás da nena ou neno maiores de idade.
- No caso de separación, divorcio ou situación análoga, terá a consideración de membro computable da unidade familiar unicamente a persoa proxenitora que figure empadroado no mesmo domicilio. Será esta polo tanto o que deba realizar a solicitude.
- Terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai sempre que figure empadroado no mesmo domicilio, e terán consideración de irmáns ou irmás da nena ou neno aqueles aportados á unidade familiar polo outro membro da parella, sempre que figuren empadroados no domicilio.

Para calcular os ingresos totais teranse en conta todos os ingresos dos membros da unidade familiar. Para a comprobación da renda terase en conta o último exercicio fiscal dispoñible. A renda anual da unidade familiar será a suma da base imponible xeral + base imponible de aforro que consten na/s correspondente/s declaración/s do IRPF do último exercicio.

Nos casos nos que non exista obriga de presentar a declaración do IRPF, tomaranse os datos reflectidos no certificado de renda emitido pola AEAT, sendo a renda anual da unidade familiar a suma dos rendementos íntegros do traballo + rendementos de capital inmobiliario + ganancias patrimoniais sometidas a retención – gastos deducibles de rendementos de traballo.

Para as familias monoparentais computarase por 1,5 a persoa proxenitora e para as familias con fillos/as con discapacidade superior ao 33% estes computaranse por 1,5.

Non terá condición de membro computable o agresor nos casos de violencia de xénero.

8. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola/s persoa/s interesada/s (pai, nai e/ou titor/a legal) segundo o modelo específico para iso (ANEXO I). A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse por Sede electrónica do Concello de Arzúa, ou entregaranse no Rexistro municipal (1ª planta) ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Coa presentación da solicitude, os pais ou tutores dos/as menores, manifestan que coñecen as características e normas da actividade “Arzúa+Concilia”-Verán 2026, aceptando as directrices marcadas polos monitories e responsables do desenvolvemento de dita actividade, prestando seu consentimento expreso para que seu/ua fillo/a menor participe no programa ou actividade “Arzúa+Concilia”-Verán 2026.

Documentación básica a presentar:

- ANEXO I – Solicitude de participación no Servizo Municipal de Conciliación “ARZÚA + CONCILIA”
- DNI/NIE NAI / PAI / TITOR/A 1
- DNI/NIE NAI / PAI / TITOR/A 2 (se é solicitante)
- Fotocopia do libro de familia
- Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar. No caso de familias empadroadas en Arzúa, basta con autorizar a consulta no ANEXO I.
- ANEXO II: Autorización para que a administración local poida acceder aos datos fiscais ou xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar do último ano fiscal dispoñible (declaración da renda de todos os membros se non é conxunta ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria).

Persoas solicitantes que traballen no horario e período solicitado:

- Informe da empresa ou empregador/a conforme ambos proxenitores, ou a persoa que ostenta a custodia traballa no período solicitado para o XOGARZÚA (Anexo III).
- No caso de autónomos ou xente da agraria, declaración responsable nos mesmos termos (Anexo IV) e o último recibo trimestral que acredite a dita situación.

Documentación a presentar segundo circunstancias sociofamiliares:

- No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa.
- No caso de familia monoparental, certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou xustificante de ter presentado a solicitude e a documentación presentada.
- No caso de mulleres vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra as mulleres informe do Centro de Información ás Mulleres.
- No caso de nenas ou nenos con discapacidade, certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.
- No caso de persoas en risco de exclusión social, informe da educadora social ou da traballadora social do Concello de Arzúa.
- No caso de unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredite dita situación
- No caso de nenas ou nenos non empadroados en Arzúa que cursen estudos nun centro educativo de Arzúa, certificado ou documento acreditativo de estar escolarizado/a nun centro educativo de Arzúa.
- No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegar o informe médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.
- No caso de solicitar a exención da cota por participar en programas de educación familiar, é necesario o informe da educadora social ou da traballadora social do Concello de Arzúa.

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte ao do anuncio da convocatoria e publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia e finaliza o 15 de maio de 2026 ás 23:59.

9. PUBLICACIÓN

As listas de solicitudes admitidas e excluídas, con expresión dos motivos da exclusión, así como a lista definitiva de nenas e nenos seleccionados para a participación no Servizo Municipal de Conciliación "ARZÚA + CONCILIA", publicaranse na páxina web e no taboleiro da Sede electrónica do Concello, a través do número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición.

10. PAGAMENTO

As cotas pagaranse unha vez aparecido o número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición da persoa solicitante, na listaxe definitiva de crianzas seleccionadas para a participación no Servizo Municipal de Conciliación "ARZÚA + CONCILIA", na que xa figurará a cantidade a ingresar. O pago realizarase sempre con anterioridade ao inicio da actividade e co sistema de autoliquidación, que enviarase ao correo electrónico indicado na solicitude.

No caso de que alguén non pague en prazo, e a praza quede baleira, pasará a ocupar a praza a seguinte persoa que estea na lista de agarda e cumpra os requisitos e prioridades.

11. RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente non puidese asistir á actividade por causa médica, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito cun informe médico e solicite a devolución da cantidade aboada, antes do inicio da actividade.

12. REUNIÓN INFORMATIVA

Antes do inicio do Servizo Municipal de Conciliación "ARZÚA + CONCILIA" haberá unha reunión informativa para as familias coa empresa encargada do desenvolvemento do servizo e o persoal do CIM. A data e hora da reunión anunciarase na lista definitiva de nenas e nenos seleccionados.

Poderá asistir por cada familia unha persoa, non tendo que ser a persoa solicitante.

13. NORMAS

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

A. Dereitos das persoas usuarias:

- Bo trato por parte do persoal do servizo e das outras persoas usuarias do servizo.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Favorecer a súa participación no servizo.

B. Obrigas das persoas usuarias:

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- Entregar a documentación requirida.
- Para a recollida das nenas e nenos sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas na solicitude.
- Respectar as normas establecidas polo monitorado, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e coas demais persoas usuarias.

C. Causas de extinción do servizo e baixa no mesmo:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- Incumprimento reiterado das normas de convivencia establecidas.
- Por solicitude da/o nai/pai ou representantes legais.
- A comprobación de falsidade na documentación achegada.
- A falta de asistencia durante un 20% ou máis dos días concedidos sen causa xustificada e sen previo aviso.
- O incumprimento reiterado do horario.

14. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas, infórmase do seguinte:

Responsable do tratamento

Os datos facilitados serán tratados polo Concello de Arzúa (CIF: P1500600J), como responsable do tratamento.

Finalidade do tratamento

Os seus datos serán tratados coa finalidade de xestionar o servizo municipal de Conciliación "ARZÚA + CONCILIA", incluíndo a tramitación de solicitudes, a selección de participantes do devandito servizo, e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a instrución e resolución do procedemento.

Lexitimación

A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento das obrigas legais aplicables. En particular, o concello está lexitimado para:

- A xestión do procedemento de selección, incluíndo a tramitación das solicitudes e os actos de instrución.
- A realización de publicacións con efectos de notificación de acordo coas normas do procedemento.
- A publicación de información na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios, en cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- A comunicación de datos á empresa prestadora do servizo de conciliación, así como a outras Administracións Públicas, cando sexa necesario para o exercicio das súas competencias
- A obtención de documentos que xa se atopen en poder doutras administración coa finalidade de achegalos ao presente procedemento, salvo que vostede se opoña na solicitude deste servizo.

Conservación dos datos

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

Consentimento para o tratamento da imaxe dos meores mediante fotografías realizadas no desenrolo da actividade "Arzúa+Concilia" _Vererán 2026

A través da presente, e de conformidade coa lexislación actual, o Concello de Arzúa informa que, durante o transcurso de dita actividade, poden obterse fotografías daquelas nas que os menores sexan partícipes, sendo posible a utilización da súa imaxe, sempre que vostede o autoríce conforme sinálase no ANEXO I.

O tratamento das imaxes efectuarase, en todo momento, con pleno respecto cara o menor, de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Privados e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade privado e familiar, e á propia imaxe, eliminando calquera fotografía que puidese atentar contra estes dereitos fundamentais. As imaxes non serán utilizadas para outros fins distintos aos expresados, nin serán cedidas a terceiras persoas, salvo as autorizadas para o tratamento e nos supostos previstos pola Lei.

En relación co anterior, o Concello tratará as imaxes adoptando as medidas de seguridade adecuadas, técnicas e organizativas, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos privados. En caso de non conceder o seu consentimento, o menor será excluído das fotos onde sexa necesario o devandito consentimento.

Dereitos das persoas interesadas

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometida a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais mediante escrito dirixido a Concello de Arzúa (CIF: P1500600J—Teléf.: 981.500000) con sede na rúa de Santiago, 2, 15810 – Arzúa.

Así mesmo, a persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: AUDIDAT 3.0, S.L (dpd@audidat.com)

No caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

Información adicional: <https://arzua.gal/politica-privacidad>



DATOS DA NENA OU DO NENO

Nome e apelidos									
Data de nacemento	Si	Non	Discapacidade:	Si	Non	Curso	Empadramento en Arzúa:	Si	Non
Alerxias / Enfermidades:									

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

NAI / PAI / TITOR/A 1

Nome e apelidos										
DNI / NIE / PASAPORTE					Teléfono					
Correo electrónico										
Traballo no horario e período solicitado									Si	Non
Autorizo a comprobar os meus datos e os da miña filla ou fillo no padrón municipal no Concello de Arzúa....									Si	Non
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar (redes sociais, prensa) fotografías da miña filla ou fillo no desenrolo da actividade "Arzúa+Concilia"-Verán 2'026, coa exclusiva finalidade da divulgación do evento.....									Si	Non

NAI / PAI / TITOR/A 2

NOME E APELIDOS										
DNI / NIE / PASAPORTE					Teléfono					
Correo electrónico:										
Traballo no horario e período solicitado									Si	Non
Autorizo a comprobar os meus datos e os da miña filla ou fillo no padrón municipal no Concello de Arzúa....									Si	Non
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar (redes sociais, prensa) fotografías da miña filla ou fillo, coa finalidade da divulgación do evento.....									Si	Non

Sinatura NAI / PAI / TITOR/A LEGAL 1

Sinatura NAI / PAI / TITOR/A LEGAL 2

--	--

QUENDAS SOLICITADAS

1ª quenda 22 a 26 de xuño	5ª quenda 20 ao 24 de xullo	9ª quenda 17 ao 21 de agosto
2ª quenda 29 de xuño a 3 de xullo	6ª quenda 27 de xullo ao 31 de xullo	10ª quenda 24 ao 28 de agosto
3ª quenda 6 ao 10 de xullo	7ª quenda 3 ao 7 de agosto	11ª quenda 31 de agosto ao 4 de setembro
4ª quenda 13 ao 17 de xullo	8ª quenda 10 ao 14 de agosto	

HORARIO SOLICITADO

O **horario ordinario** do servizo será de mañá, **de 10:00 a 14:00**, cun horario extraordinario de entrada entre as 8:00 e as 10:00 e un horario extraordinario de saída entre as 14:00 e as 15:00. Marque o horario solicitado:

Horario solicitado de entrada:	8:00	8:30	9:00	9:30	10:00
Horario solicitado de saída:	14:00	14:30	15:00		

PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA NENA OU NENO (Diferentes ás persoas solicitantes)

NOME E APELIDOS	DNI / NIE / PASAPORTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CON ESTA SOLICITUDE

DOCUMENTACIÓN BÁSICA A PRESENTAR:

DNI/NIE/PASAPORTE NAI / PAI / TITOR/A 1
 DNI/NIE/PASAPORTE NAI / PAI / TITOR/A 2 (se é solicitante)
 Fotocopia do libro de familia
 Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar. No caso de familias empadroadas en Arzúa, basta con autorizar a consulta no ANEXO I. ANEXO II: Autorización para que a administración local poida acceder aos datos fiscais ou xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar.

PERSOAS SOLICITANTES QUE TRABALLEN NO HORARIO E PERÍODO SOLICITADO:

ANEXO III (informe empresa acreditación de traballo da/s persoa/s solicitante/s)
 ANEXO IV (réxime de autónomo ou outros especiais) e Último recibo SEGURO AUTÓNOMOS

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS SOCIOFAMILIARES:

Familias monoparentais:	Copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia.
Familias numerosas:	Copia do título de familia numerosa.
Unidades familiares nas que existen outras cargas relacionadas cos coidados:	Resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredita dita situación.
Vítimas de violencia de xénero:	Informe do Centro de Información ás Mulleres.
Nenas ou nenos con discapacidade:	Copia do certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.
Persoas en risco de exclusión social	Informe da educadora familiar ou da traballadora social do Concello de Arzúa.
Nena/o non empadroada en Arzúa que curse estudos nun centro educativo de Arzúa:	Certificado ou documento acreditativo de estar escolarizado/a nun centro educativo de Arzúa
En caso de alerxia, enfermidade ou afección de saúde da nena ou neno:	Informe do médico onde conste a diagnose e as actuación previas ou posteriores a ter en conta.
No caso de solicitar a exención da cota por participar en programas de educación familiar	Informe da educadora familiar ou da traballadora social do Concello de Arzúa.



A/s persoa/s abaixo asinantes autoriza/n ao CONCELLO DE ARZÚA a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da facenda autonómica os datos relativos ao nivel de renda.

PROCEDIMENTO – “ARZÚA + CONCILIA” – SERVIZO MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control dos requisitos establecidos no procedemento administrativo mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DOS INTERESADOS (cubrir cos datos de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade)

NIF	APELIDOS E NOME	SINTATURA

En a de de

PROTECCIÓN DE DATOS – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ARZÚA, con dirección RÚA DE SANTIAGO Nº2, 15810 – ARZÚA (A CORUÑA). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

NORMATIVA:

- Artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Artigo 2.4 da ORDE de 18 de novembro de 1999 pola que se regula o subministro de información tributaria ás Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos contemplados no artigo 113.1 (actual 95.1) da Lei Xeral Tributaria.



NOTA: No caso de familias con ambas persoas proxenitoras traballando, cubrir o Anexo III ou IV, segundo o caso, para cada persoa proxenitora.

D/D^a _____ ,
 con DNI / NIE / Pasaporte _____ , actuando como representante
 da empresa/ empregador/a _____ ,
 con CIF _____ ,

INFORMA AOS EFECTOS DO SERVIZO “ARZÚA + CONCILIA”

1. Que D/D^a _____ ,
 con DNI/NIE/Pasaporte _____ , é traballador/a desa empresa /
 empregador/a
2. Que do ____ de _____ de 2026 ao ____ de _____ de
 2026 non estará en período de vacacións, ou sometido a un ERTE ou
 ERE.
3. Que o seu horario é:

En _____ , a ____ de _____ de 2026

(Sinatura)



NOTA: No caso de familias con ambos proxenitores traballando, cubrir o Anexo III, para cada proxenitor.

D/D^a _____ ,
 con DNI / NIE / Pasaporte _____ como nai/pai/titor/a legal de

DECLARO AOS EFECTOS DO SERVIZO “ARZÚA + CONCILIA”

1. Que do [] de [] de 2026 ao [] de [] de 2026 atopareime traballando como:
(traballador por conta allea / traballador por conta propia).
2. Que o meu horario de traballo é:
3. Que achego a seguinte documentación acreditava:

En [] , a [] de [] de 2026

(Sinatura)

NOTA: Xunto co Anexo IV deberá achegarse último recibo trimestral do seguro que acredite atoparse no réxime especial de autónomos / agraria / Mutualidade / outros

En Arzúa, a 29 de abril de 2026

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2026/2742